

4.- Proxecto lector C.E.I.P A Igrexa – Calo

Curso 2.021 – 2.022



ÍNDICE

| | |
|--|----|
| 1.- MARCO NORMATIVO | 3 |
| 2. -XUSTIFICACIÓN | 3 |
| 3.- ANÁLISE DA SITUACIÓN DA LECTO- ESCRITURA NO CENTRO | 4 |
| 3.1.- Práctica lectoras e escritoras do alumnado | |
| 3.2.- Hábitos de lectura do alumnado | |
| 3.3.- Recursos materiais. Situación da biblioteca | |
| 4.- OBXECTIVOS , FUNDAMENTOS E ORGANIZACIÓN | 7 |
| 4.1.- Obxectivos | |
| 4.2.- Metodoloxía máis axeitada | |
| 4.3.- Organización de espazos e tempos | |
| 4.4.- A biblioteca escolar . | |
| 4.5.- Coordinación do proxecto e organización | |
| 4.6.- Participación do profesorado | |
| 4.7.- Modo de organización | |
| 4.8.- Modo de difusión | |
| 5.-INTERVENCIÓNS QUE COMPRE SISTEMATIZAR | 12 |
| 5.1.- Ensinanzas de comprensión lectora nas distintas áreas | |
| 5.2.- A expresión escrita en todas as áreas | |
| 5.3.- Fomento do hábito de lectura nas distintas áreas | |
| 5.4.- Integración das TIC | |
| 5.5.- Implicación das familias | |
| 6.- CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN | 18 |
| 6.1.- Elaboración dos instrumentos | |

1.- MARCO NORMATIVO

O Decreto 130/2007, do 28 de xuño, polo que se establece o currículo de Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, establece que:

- Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunha das áreas da etapa, a comprensión lectora e a expresión oral e escrita traballaránse en todas as áreas (artigo 6.3).
- Coa finalidade de fomentar o hábito da lectura, os centros elaborarán e aplicarán o Proxecto Lector que se axustará ás liñas básicas que se publican como anexo IV do citado decreto, asegurándose como mínimo media hora diaria”.
- O seu deseño e posta en marcha son competencia de todo o equipo docente e estarán coordinados preferentemente pola persoa responsable da biblioteca escolar.
- A supervisión correspóndelle á Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- A súa aprobación é competencia do Claustro e do Consello Escolar.

2.- XUSTIFICACIÓN

O Proxecto Lector (PL) é un documento que integra todas as actuacións destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades informativas. Procura a adquisición das competencias básicas, especialmente:

- a) Comunicación lingüística
- b) Tratamento da información e a competencia dixital
- c) Competencia cultural e artística
- d) Competencia para aprender a aprender

O Proxecto Lector (PL) é a referencia para a programación do Plan Lector Anual que figurará na programación xeral de cada ciclo.

3.- ANÁLISE DA SITUACIÓN DE LECTO-ESCRITURA DO CENTRO

3.1.- Práctica lectora e escritora do alumnado

A.- Exactitude lectora

| | |
|---------------------------------|--------|
| Non fai as pausas correctamente | 10,00% |
| Non entoa axeitadamente | 13,00% |
| Sinala co dedo | 5,00% |
| Omite liñas | 2,00% |
| Silabea | 4,00% |
| Presenta vacilacións | 10,00% |
| Realiza repeticións | 11,00% |
| Realiza rectificacións | 12,00% |
| Fai substitucións | 9,00% |
| Presenta adicións | 23,00% |
| Realiza inversión | 2,00% |
| Omite letras ou palabras | 6,00% |

- Vacilacións : Detense máis tempo do habitual, titubea ou vacila antes de ler.
- Repeticións: Volta a ler o xa lido
- Rectificacións: Le equivocadamente, percibe o erro e deseguido fai a lectura correcta
- Substitucións: Cambiar unha palabra ou letra por outra
- Adicións: Engadir un son ou palabra que non están no texto
- Inversións: Le como se estivese invertida a orde das letras
- Omisións: Omitir letras ou palabras.

B.- Comprensión lectora

| | |
|----------------------------|-------|
| Comprende palabras | 100 % |
| Comprende frases sinxelas | 100 % |
| Comprende frases complexas | 96 % |
| Comprende textos sinxelos | 98 % |
| Comprende textos complexos | 88 % |

C.- Escritura

| | |
|-----------------------------------|--------|
| Irregularidade no tamaño da letra | 12,00% |
| Grafismo tembloroso | 6,00% |
| Superposicións | 4,00% |
| Substitucións | 1,00% |
| Adicións | 2,00% |
| Inversións | 2,00% |
| Omisións de letras ou palabras | 10,00% |
| Fragmentación dunha palabra | 5,00% |
| Unións de palabras | 8,00% |
| Erros ortográficos | 46,00% |
| Desorde da frase | 5,00% |
| Incoherencia do texto | 4,00% |

- Superposicións: escribe unas letras enriba doutras, ou superpón liñas
- Substitucións: Cambia alguna letra por outra
- Adicións: engade algunha letra á palabra
- Inversións: Cambia a orde das letras na escrita
- Fragmentación: corta as palabras
- Unións: une palabras

3.2.- Hábitos de lectura do alumnado

| | |
|---|--------|
| Gústalle moito ler | 76,00% |
| Gústalle pouco ler | 24,00% |
| Le por iniciativa propia | 73,00% |
| Le por recomendación dos pais/nais ou profesorado | 27,00% |

3.3- Análise do estudo

O estudo fíxose no segundo e terceiro ciclo de primaria, xa que no segundo ciclo afiánzase o proceso lecto – escritor e no terceiro ciclo consolídase. A valoración que se fai é a seguinte:

- O nivel de comprensión, velocidade e eficacia lectora é alto.
- As habilidades lectoras teñen un nivel tamén alto.
- O gusto pola lectura alcanza un nivel medio – alto (76 %), pero hai que resaltar a situación de desmotivación por parte dun número considerado de alumnado: a un 24% gústalle pouco ler e un 27 % le por recomendación do profesorado ou dos pais/nais.
 - Aínda que a corrección na expresión escrita alcanza un nivel alto, o aspecto ortográfico é negativo, o 46% do alumnado comete erros ortográficos.

3.3.- Recursos materiais. Situación da biblioteca

O estado da biblioteca neste momento é precario, por estar este espazo compartido coa aula de música. Esta situación situación é provisional, ata que se realice o proxecto do novo aulario de educación infantil, daquela a aula de música ubicarase nunca aula do edificio principal.

- O **acceso** á biblioteca faise desde o patio, polo que non resulta práctico nin cómodo, sobre todo nos días de chuvia.
- O **mobiliario** non é suficiente, pero neste momento non é posible unha dotación polo mencionado anteriormente.
 - A **dotación informática** é nula, pola mesma razón ca do mobiliario.
 - Os **fondos** rexistrados non superan os 3.000 volumes.
 - As **bibliotecas de aula** están dotadas co fondos da biblioteca do centro, e con exemplares do propio alumnado.

4.- OBXECTIVOS , FUNDAMENTOS E ORGANIZACIÓN

4.1.- Obxectivos

- Mellorar as habilidades lectoras (dicción, ritmo, entonación, ...) atendendo tamén a corrección postural, e de escritura (redacción, puntuación, ortografía, caligrafía, ...)
- Mellorar o vocabulario, mediante o emprego de técnicas de traballo persoal e na aula que impliquen o uso do dicionario como fonte de resolución de dúbidas (a partir do 2º ciclo de primaria).
- Mellorar a comprensión.
- Traballar con todo tipo de textos (literarios, expositivos, xornalísticos, publicitarios, gráficos) e todo tipo de soportes (impresos e electrónicos).
- Incrementar a motivación cara a lectura e desenvolver o hábito lector e gusto pola lectura.
- Crear os medios que faciliten o acceso do alumnado á lectura e á escritura:
 1. A lectura é unha materia transversal de todas as áreas do currículo e a ferramenta indispensable de todas as materias.
 2. O alumnado debe ler de forma individual e colectiva, no tempo do plan lector e en todas as clases.
 3. A lectura debe ir ligada á escritura (caligrafía, ortografía, presentación, vocabulario, ...) e á expresión oral.
- Establecer os fundamentos dun traballo coordinado de lecto – escritura na sesión do plan lector e en todas as materias.
- Implicar a todo o profesorado nas actividades, campañas e outras experiencias que se programen para potenciar o hábito lectore as capacidades inherentes ao mesmo.
- Facer partícipe á familia da lectura porque o seu papel é fundamentalá hora de reforzar as tarefas lectoras que se fan no centro.
- Potenciar o papel da biblioteca do centro como recurso fundamental.

O obxectivo final que pretenden todos os anteriores é formar lectores e lectoras competentes, que lean comprensivamente, que saiban interpretar o que len, que sexan capaces de emitir xuízos críticos, que formulen e transformen contidos , que escriban para expresar e comunicar.

Para conseguir iso, precísase a colaboración de todos: profesorado, equipo e responsable da biblioteca, pais e sociedade.

4.2.- Metodoloxía máis axeitada

- Practicarase a lectura individual e colectiva.
- Practicarase a lectura silenciosa e en voz alta.
- Practicarase a lectura en voz alta, tanto por parte do profesorado, que exerce de modelo, como do alumnado.
- Deben cuidarse aspectos de dicción, entonación, vocalización, ...

A lectura en voz alta facilita a comprensión e axuda a mellorar a lectura.

O proceso debe ser diario e o traballo cos textos debe tratar os seguintes puntos:

- Análise de coñecementos previos.
- Lectura do título: a súa comprensión e relación cos outros apartados do tema.
- Lectura lenta e reflexiva de cada parte do texto.
- Elaboración dun documento que recolla o esencial (resumos, esquemas, etc,)

dependendo da natureza da asignatura.

- Memorización do fundamental.
- Avaliación oral ou escrita do aprendido.

A lectura comprensiva debe complementarse coa expresión oral e escrita, e compartilo co resto do alumnado.

Na comprensión dos textos, o lector necesita:

- Ter coñecemento do tema.
- Comprender os conceptos específicos do texto.
- Comprender a terminoloxía
- Para traballar estes aspectos, o profesorado lerá previamente o que o alumnado vai ler despois, así, o alumnado coñecerá os elementos centrais, identificará as súas ideas, o vocabulario, ...
- Tamén terá en conta o que pretende que o alumnado aprenda coa lectura do texto.
- Formulará preguntas ao alumnado para verificar a súa comprensión.
- Fomentará o uso do diccionario en cada unha das áreas (a partir do 2º ciclo de primaria)

- Empregará , ademais do dicionario, outras estratexías para indagar os significados: relacionar palabras, averiguar o significado tendo en conta o resto das palabras da oración ou frase, buscar sinónimos ou antónimos desa palabra no texto, ...

4.3.- Organización de espazos e tempos

4.3.1.-Creación de ambientes lectores: hora de ler.

- Establécese un tempo de 20 minutos diarios (despois do recreo), inmediatamente antes da cuarta sesión. Como consecuencia as sesións quedan de 50 minutos cada unha e o recreo de 30 minutos.
- Dado que todo o profesorado está implicado no proxecto lector (PL), responsabilízase de cada grupo o profesorado que imparta clase nese grupo na cuarta sesión.
- Os textos empregados polo alumnado na hora de ler serán elixidos libremente entre os existentes nos fondos da biblioteca de aula.
 - O profesorado responsable tamén adicará ese tempo á lectura.
 - A biblioteca de aula acollerá aqueles libros que o alumnado elixa libremente de entre os fondos da biblioteca do centro, ou ben que traia da súa casa para compartir e intercambiar.
 - A biblioteca de aula facilitará que o alumnado poida compartir libros persoais.
 - Este tempo rexerá polas seguintes normas que estarán expostas nas aulas
 1. A lectura realizarase de forma silenciosa.
 2. As lecturas serán elixidas libremente polo alumnado entre os fondos da biblioteca.
 3. Os libros pediranse en préstamo á biblioteca do centro, dentro do horario estipulado.
 4. Durante este tempo non se realizará outra actividade distinta da de lectura libre e silenciosa.
 5. Os libros da biblioteca de aula poden ser levados á casa durante o fin de semana ou vacacións, pero todo o alumnado debe ter un libro na aula. Este préstamo realizarao o profesorado tutor.
 6. O profesorado coidará de que os libros queden colocados no lugar asignado.
 7. En cada aula haberá un rexistro de libros lidos, que o profesorado responsable cumprimentará cada vez que un alumno/a remate unha lectura.
 8. Esta actividade está suxeita ás normas de disciplina do centro.

4.4.- A biblioteca do centro como recurso

A biblioteca do centro é un recurso imprescindible para formar ao alumnado na consulta e selección de diversas fontes de información, e tamén a de favorecer o autocoñecemento. Para que a biblioteca funcione como un recurso fundamental do proxecto lector, debe cumprir os seguintes obxectivos:

- Utilizar a biblioteca, integrándoa na práctica docente, e como recurso fundamental do Plan Lector.
- Rexistrar e etiquetar os fondos.
- Organizar e catalogar os fondos, de maneira que lle facilite ao alumnado a selección e colocación dos exemplares (clasificación, sinalización e rotulación)
- Difundir periódicamente as novas incorporacións de fondos.
- Establecer no horario lectivo, un servizo de biblioteca escolar para todos os cursos do centro.
- Organizar xornadas de animación á lectura.
- Participar anualmente no Plan de Mellora das Bibliotecas escolares.

O/A responsable da biblioteca do centro debe incluír na Programación Xeral Anual o plan de actividades e actuacións para informar ao Claustro e ser aprobado polo Consello Escolar. Así mesmo, debe recoller na Memoria de final de curso a valoración do mencionado plan, as súas incidencias e posibles melloras.

4.5.- Coordinación do proxecto e organización

O Proxecto Lector confeccionarase e revisarase coas aportacións de todo o equipo docente a través da Comisión de Coordinación Pedagóxica. A coordinación do mesmo correspóndelle a persoa encargada da biblioteca escolar, que entre outras funcións, terá as seguintes:

- Organizar a biblioteca.
- Colaborar co profesorado e co alumnado no uso didáctico da bibliota.
- Planificar as accións de dinamización da biblioteca e de formación de usuarios.

A supervisión do Proxecto Lector correspóndelle á Comisión de Coordinación Pedagóxica.

4.6.- Participación do profesorado

Para acadar uns resultados efectivos precísase da colaboración de todo o profesorado, participando nas diferentes actividades e mantendo un nivel de esixencia semellante nos diferentes aspectos aos que se refire o proxecto. A súa participación consiste en :

- Facer aportacións para establecer criterios de selección de textos literarios (narrativa e poesía) para a biblioteca do centro.
- Participar na actualización de fondos temáticos.
- Recomendar lecturas ao alumnado.
- Traballar lecturas na aula.
- Usar o espazo da biblioteca.
- Participar nas actividades da biblioteca (exposicións, conmemoracións, ...)

4.7.- Modo de organización

O Proxecto do Centro servirá de referencia ao Plan Lector Anual, que será elaborado por todo o equipo docente e incluírase na Programación Xeral Anual.

- Correspóndelle ao Equipo Directivo dirixir o Proxecto Lector e o Plan Anual de Lectura.
- A Xefatura de Estudos, a principio de curso, comprobará a inclusión e temporalización de prácticas de comprensión e fomento da lectura e da escritura nas programacións didácticas, conforme ao Plan lector.
- Os Coordinadores/as de Ciclo, a principio de curso, organizarán sesións co resto dos membros integrantes do ciclo para establecer nas súas programacións didácticas as accións que desenvolverán para fomentar a lecto-escritura, a comprensión lectora, o seu seguimento e avaliación.
 - O profesorado incorporará as actividades previstas no seu ciclo ao currículo da súa materia.
 - A Comisión de Coordinación Pedagóxica implicarase na dinamización do Proxecto e levará a cabo a súa supervisión:
 1. O profesorado aportará no ciclo os rexistros de datos, segundo as fichas de avaliación conforme ao Plan Lector que figura na súa programación didáctica.
 2. Esta información será trasladada pola persoa coordinadora do ciclo á Comisión

de Coordinación Pedagóxica, onde se elaborará un informe trimestral do seguimento do Plan, incluída a persoa coordinadora do Equipo de Normalización da Lingua Galega

3. A Comisión, a fin de curso, elaborará un informe global cos datos de todo o ano que permita extraer conclusións e facer previsións para o curso seguinte.

4.8.- Modo de difusión

- Proxecto Lector incorporárase á Proxecto Educativo de Centro en el basearase o Plan Anual de Lectura, que figurará na Programación xeral Anual.
- Será sometido á aprobación do Claustro e do Consello Escolar.
- O profesorado, que se incorpore por primeira vez ao centro, debe coñecer o Proxecto Educativo do Centro, e por conseguinte o Proxecto Lector.
- Os pais e nais tamén estarán informados do seguimento do seu fillo/a, incluída a competencia lectora.

5.- INTERVENCIÓNS QUE COMPRE SISTEMATIZAR

A lectura é unha materia transversal de todas as áreas do currículo e a ferramenta indispensable de todas as materias, polo que os ciclos establecerán determinadas actividades que deben figurar nas programacións didácticas correspondentes:

- Empregando técnicas e estratexias oportunas para mellorar a comprensión lectora.
- Enriquecer o vocabulario específico de cada área.
- Introducir a lectura de libros, periódicos, revistas especializadas e outros documentos como instrumentos complementario de aprendizaxe en cada materia.
- Diseñar actividades de comprensión lectora, de expresión oral e escrita.
- Ensinar ao alumnado estratexias e técnicas para resumir, analizar e reelaborar a información contida nos distintos textos.
- Valorar a lectura dos libros propostos.
- Facer propostas de actividades de fomento da lectura (día do libro, ...)
- Valoración das actividades desenvolvidas na memoria final de curso.

5.1.- Ensinanzas de comprensión lectora nas distintas áreas

As actuacións que se enumeran a continuación son só sugerencias que se poñen á disposición do profesorado para que lle poidan servir de referencia en diferentes situacións docentes. Non se trata de levalas a cabo todas xuntas. Hai que ter presente que o Proxecto Lector é un documento marco para o desenvolvemento dos vindeiros Plans Anuais de Lectura.

O profesorado debe analizar as causas que dificultan a comprensión de textos, realizar propostas de mellora, e ensinar estratexias de mellora.

O alumnado debe saber o que se pretende coa lectura: abstraer ideas, poñer título, atopar datos concretos, buscar desposta a un problema, sintetizar, ...

Non debemos esixir ao alumnado algo que non lle ensinamos previamente. Un lector competente utiliza múltiples estratexias, tales como:

- Clarificar os fins e esixencias da tarefa, sexan explícitas ou implícitas.
- Identificar os aspectos importantes da mensaxe e centrar a atención neles.
- Determinar ao longo da lectura se vai entendendo ou non.
- Autocuestionarse con preguntas do tipo quen, que, cando, como, cal e por que
- Empregar imaxes.
- Aplicar accións correctivas, como a relectura cando se detectan fallos na comprensión
- Recuperarse das distraccións e interrupcións.
- Elaborar resumos ou esquemas.

Para traballar estas e outras estratexias deseñaremos actividades que podan agruparse en tres apartados, Algunhas delas son:

a) Antes da lectura:

- Realizar actividades para o desenvolvemento da atención e a memoria: reter palabras
- clave ou fundamentais, recordar datos para respostar a preguntas, sembrar detalles,
- datos illados, ...
- Incentivar os coñecementos previos con preguntas dirixidas polo profesorado.
- Explicar as ideas e conceptos básicos previos a explicación do tema.
- Realizar actividades para traballar o vocabulario con máis dificultade.
- Analizar a estrutura do tema ou unidade didáctica.

b) Durante a lectura:

- Lectura expresiva e exemplificadora por parte do profesorado.
- Lectura individual e silenciosa do alumnado antes da lectura en voz alta.
- Formular preguntas sobre o lido.
- Aclarar posibles dúbidas sobre o testo.
- Resumir ideas do texto e poñelas en común.
- Identificar erro en textos.
- Completar textos con lagoas.
- Completar textos, engadir finais e reescritura dos mesmos.
- Constuir oracións coherentes, con palabras desordenadas.
- Ordenar textos fragmentados ou alterados na súa orde lóxica.
- Búsqueda de datos concretos.

c) Despois da lectura:

- Marcar, subliñar palabras que se repiten.
- Suliñar palabras clave nun texto.
- Subliñar a frase ou oración que que expresa a idea principal dun parágrafo.
- Tachar palabras innecesarias.
- Reducir ao esencial un texto.
- Poñer título a un texto.

- Elaborar resumos:

1. Reler como medio de búsqueda de información e síntese.
2. Titular parágrafos.
3. Buscar relacións entre as ideas dun texto (comparacións, ...)
4. Comparar resumos entre os compañeiros, para mellorar os propios.

- Formular e responder preguntas sobre un texto:

1. Preguntas de desposta literal.
2. Preguntas que permitan relacionar diversos aspectos para atopar a desposta.
3. Preguntas de elaboración persoal para asociar o que se sabe.

- Aprender a ler críticamente:

1. Diferenciar o verdadeiro do falso, o real do imaginario.
2. Elixir a mellor opción ou razón.
3. Seleccionar a mellor desposta.
4. Deducir conclusións.

5.1.1.- Outras actividades

- **Lectura de imaxes:** fotografías, publicidade (en prensa, en televisión e Internet), cómics, carteis, ...
- **Traballo coa prensa** (impresa ou dixital)
 1. Xogos cos titulares da prensa: recortar titulares ou sintagmas e elaborar novos titulares.
 2. Poñerlle pé de foto a unha fotografía dada.
 3. Ilustrar un pé de foto dado.
 4. Adxudicar a imaxe correspondente ao pé de foto.
 5. Adjudicar a fotografía á noticia correspondente.
 6. Localizar nun atlas os lugares que se mencionan no titular dunha noticia.
 7. Atopar nunca noticia dada a desposta ás seis cuestións: que?, quen?, cando?, por que?, como pasou?

5.2.- A expresión escrita en todas as áreas

A escritura constitúe unha dimensión fundamental da lectura comprensiva e convérsese no acto máis operativo de comprender. Escribindo afiázanse os coñecementos.

Desde todas as áreas deberán propoñerse actividades de escritura que conleven:

1. Respetar as normas ortográficas: erros na escritura, tiles ou signos de puntuación.
2. Escribir con corrección léxica e gramatical.
3. Presentar correctamente os escritos: caligrafía clara, marxes e limpeza.
4. Respetar os prazos de entrega dos traballos.

5.2.1.- Actividades relacionadas coa escritura (sugerencias):

- Textos para reparar empreñando a técnica dos ocos:



1. Realizar substitucións léxicas, engadir palabras da mesma familia, ...
 2. Completar textos mutilados.
 3. Completar textos sen conectores.
- Textos desordenados ou alterados:
 1. Ordenar as partes dun texto desordenado.
 2. Correxir os erros de información falsa.

5.3.- Fomento do hábito de lectura nas distintas áreas

Levaranse a cabo actividades en todas as áreas. Algunhas sugerencias son:

1. Lectura de textos complementarios: periodísticos, literarios, revistas, ...
2. Búsqueda de información relacionada con temas da área que se imparte.
3. Proposta de libros de lectura e a partir deles pódense traballar os demais aspectos (comprensión lectora e expresión escrita).
4. Consultar información en Internet sobre temas da clase.

5.4.- Integración das TIC

5.4.1.-Actividades con Internet como fonte de información

Para o alumnado é necesario aprender a buscar información en Internet e saber atopar a mellor fonte. Para iso, o profesorado debe ensinar ao alumnado:

- As características da información presente en Internet.
 1. A información non é permanente.
 2. Non está organizada.
- Os tipos de fontes que contén:
 - a) Fontes de información específicas (portais especializados, webs institucionais, ...)
 - b) Fontes de información habituais (enciclopedias, dicionarios, atlas)
- As ferramentas de que dispón para buscar información:
 1. Motores de busca ou buscadores por palabras, que buscan información moi concreta (Google por exemplo)
- As estratexias que lle aseguren bos resultados:

1. Á hora de buscar información cómpre que o alumnado teña claro que busca e por que, como e onde o busca.
2. Unha vez atopada a información, é imprescindible valorala para seleccionala, tendo

en conta a actualización.

5.4.2.-Actividades para traballar cos medios audiovisuais

Cando se empreguen recursos audiovisuais ou outros, o profesorado elaborará actividades didácticas e guións para facilitar a correcta interpretación:

- Antes da proxección/audición:
 1. Presentación por parte do profesorado do medio audiovisual, contextualización do mesmo e razóns polas que se proxecta.
 2. Relación dos aspectos fundamentais aos que debe prestar atención.
- Despois da proxección/audición:
 1. Análise do contido (que?, cando?, como?, por que?, ...)
 2. Tema principal.
 3. Síntese da información contida mediante fichas.

5.5.- Implicación das familias

Consideramos como obxectivo prioritario facer partícipe á familia porque o seu papel é fundamental á hora de reforzar as tarefas lectoras que se realizan no centro, procurando que o fillo/a lea habitualmente na casa.

6.- CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Na avaliación do Proxecto Lector terase en conta o grao de cumprimento de:

- Cumprimento dos obxectivos.
- Revisión da metodoloxía
- Organización de espazos e tempos.
- Usos e organización da biblioteca.
- Modos de difusión.
- Estrategias de comprensión lectora en todas as áreas
- Fomento de hábitos de lectura en todas as áreas(ler para disfrutar e para comprender).
- Integración das TIC.
- Implicación das familias.

6.1.- Elaboración dos instrumentos

Os instrumentos de avaliación do Proxecto Lector elaboraranse tendo en conta as dúas vertentes principais que consideramos na lectura:

- Ler para comprender.
- Ler para disfrutar.

Para este fin empregaranse as seguintes fontes de información:

- Rexistro de datos realizado polo profesorado trimestralmente a partir das fichas de seguimento e que valorarán nos ciclos, e logo na Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Informe trimestral dos ciclos a partir dos datos aportados polo profesorado.
- A Comisión de Coordinación Pedagóxica elaborará un informe global a cos datos obtidos ao longo do curso para extraer conclusións e facer previsións para o curso seguinte.
 - Valoración nas sesións de avaliación do progreso do alumnado: habilidade lectora (dicción, ritmo, entonación, ...), comprensión e expresión escrita.